

1098 75
PATRONATO ROSALIA DE CASTRO

APARTADO 267
SANTIAGO DE COMPOSTELA

CASA - MUSEU DE ROSALIA

TELEF. 59 91 00 - EXT. 361

P A D R O N
(CORUÑA)

Xunio, 2

1.975

D. Camilo Xosé Cela
Palma de Mallorca.

Benquerido amigo:

A Xunta de Goberno do Patronato tomou, entre outros, o acordo de solicitar a túa sinalada colaboración persoal nos Actos que, como de cote, estamos orgaizando co gallo do 90 aniversario do pasamento de Rosalía.

En síntesis consisten nunha celebración relixiosa na eirexa de Iria (que en anos pasados foron presidindo o Cardeal Quiroga, seu Bispo Auxiliar, o actual Arcebispo, o Bispo de Mondoñedo, e no actual será o de Vigo-Tuy que vai de Arcebispo pra Valladolid) e despois un Acto Literario na Casa-Museo na que unha Persoalidade Literaria di unhas verbas co gallo da presentación do Libro que o Patronato saca do prelo ese ano. Unha coral convidada, que asiste sempre aos actos que presiden as autoridades e tódalas Entidades Culturales de Galicia, interpreta o Hino Galego e péchase así a celebración á que intentamos darlle sempre ambiente cordial e "unionista" da galeguidade.

Por eso, querido Cela, pensamos este ano en tí. Sobranceada a túa persoalidade de galego ilustre coa cadeira da Academia Española, sería un intre formidable ésta da conmemoración rosaliana.

¿Faránsos tan felices de estar connosco o día 15 de xulio pola tarde?.

En un sentido ou outro, prégoche resposta pronta. Xa te decatamos que nos é moi interesante sabelo prá doada orgaización.

Afervoadas apertas de todos nós. Apertas fondas de



Agustín Sixto
Agustín Sixto Seco
Presidente.